

VARIANTE DE CARBALLO 1ª FASE
Treito AC552- AC413 (DP1905)- DP1914

1. Obxecto da Actuación

O obxecto da actuación é a definición das obras necesarias para a execución dunha estrada de novo trazado que sirva de variante polo suroeste ao núcleo urbano de Carballo. A 1ª Fase de Variante de Carballo permitirá a conexión do parque empresarial de Carballo, a AC-552 e o enlace Carballo Leste da AG-55 coas estradas DP-1914 e AC-413 (DP-1905), situadas ao sueste de Carballo, creando una variante de poboación pola zona este que capte os tráfico de medio e longo percorrido do Parque Empresarial e a zona norte de Carballo cara Santiago de Compostela pola DP-1914 e cara Ordes e a AC-550 empregando a AC-413 (DP-1905) evitando deste xeito que atravesen a trama urbana de Carballo.

2. Plan de Estradas

A estrada *Variante de Carballo 1ª Fase* encadrarase dentro da rede estruturante do catálogo de estradas da Rede Autonómica de estradas de Galicia.

3. Descrición da Actuación

As actuacións proxectadas comprenden unha estrada convencional cunha única calzada, dobre sentido de circulación cun carril por sentido e velocidade de proxecto 80 km/h. As conexións con outras estradas resólvense a nivel mediante glorietas. A estrada estará valada e non se permiten os accesos salvo nas glorietas que delimitan os treitos do trazado.

4. Características técnicas

Lonxitude total variante: 3.650 m.

Velocidade de proxecto: 80 km/h

Sección tipo xeral: 2 carrís de 3,50 m + 2 beiravías de 1,5 m + bermas de 1 m.

Estruturas:

- Viaduto sobre el río Anllóns de 340 m de lonxitude
- Dous pasos superiores sobre a variante no treito entre a DP-1905 e a AC-552
- Paso inferior baixo a variante no tramo entre a DP-1914 e a DP-1905, de dimensións interiores 10 x 4,5 m
- Muro de contención no treito final da variante, na marxe dereita no punto de conexión coa AC-552,
- Marco para o rego Añón, no treito entre a DP-1905 e a AC-552, de dimensións interiores 6 x 3,5 m

Glorietas: Construiranse dúas glorietas de 60 e 70 m de diámetro con dous carrís de 4 m, beirarrúa exterior de 1,5 m, beirarrúa interior de 1 m e berma de 1 m nas interseccións coa DP 1905 e DP 1914

Firmes e pavimentos:

Tronco, glorietas e estradas provinciais: 3 cm de M.B.C. descontinua tipo BBTM11BPMB45/80-60+ 6 cm de M.B.C. tipo AC222BINBC50/70S+ 9 cm de M.B.C tipo AC32BASEBC50/70G+regos+ 22 cm de chan cemento.

Drenaxe: Se inclúen as obras de drenaxe transversal necesarias e o drenaxe lonxitudinal, defínense gabias formigonadas de 3 m de ancho.

Obras complementarias: Inclúese o cerramento da estradas e a reporanse os servizos afectados.

5. Poboación Servida

Carballo 31.595 hab. e áreas de influencia próxima

TOTAL: 45.000 hab.

6. Concellos Afectados

Carballo

7. Expropiacións

Parcelas afectadas: 182 en pleno dominio.

Solo	1.172.523,99 €
Bens afectados	3.451,43 €
Premio afección 5%:	58.798,77 €
Servidumes e ocupación temporal	6.899,38 €
Total expropiacións e indemnizacións:	1.241.673,57 €

8. Prazo de execución


O prazo de execución das obras previsto é de DOCE (30) meses.

9. Orzamentos

Orzamento Base de Licitación (c/IVE)	20.255.304,65 €
Expropiacións e Indemnizacións	1.241.673,27 €
Reposición de Servizos Afectados	218.290,21 €
Seguimento e Control Arqueolóxico	181.500,00 €
Plan de Vixilancia Ambiental	190.743,55 €


Orzamento para Coñecemento da Administración: 22.087.511,98 €

Plano de situación e emprazamento



Seccións tipo variante Variante de Carballo 1ª Fase:

SECCIÓN TIPO VARIANTE



SECCIÓN TIPO GLORIETA

